

6 *Review***THOMAS, Hugh***Eduardo Barreiros  
and the Recovery of  
Spain*

New Haven and London:  
Yale University Press. 2009.  
391 pp.  
ISBN 978-0-300-12109-4

**Xoán Carmona Badía**  
University of Santiago de  
Compostela

Tanto a historiografía económica española como os propios protagonistas do mundo dos negocios que coñeceron a Eduardo Barreiros consideran a este ourensán como un dos máis importantes empresarios da España do século xx. E isto non só desde un punto de vista cuantitativo, polo tamaño das súas empresas ou polo volume de emprego que puidese xerar, senón tamén por un feixe de elementos cualitativos que o converteron nun empresario non só relevante senón único.

Barreiros Diesel, a firma creada polo protagonista deste libro, foi durante máis dunha década unha empresa que funcionaba de maneira independente das grandes multinacionais do sector. Pola contra hogano, e pese a que España é un dos principais produtores mundiais no eido da automoción, non se dispón de empresas independentes. Ademais Barreiros levou esta xesta a cabo nun tempo e nun lugar como era a España do primeiro franquismo, onde o Instituto Nacional de Industria (INI) monopolizaba ou marcaba as normas de funcionamento dos sectores que consideraba estratégicos, coma a fabricación de vehículos pesados, onde contaba coa marca Pegaso. Eduardo Barreiros foi quen, porén, de romper con esta norma. A súa fábrica de Villaverde construíría motores, camións e tractores malia as cambadelas do INI e mais dalgúns dos que a comezos da década de 1960 eran considerados coma elementos liberais e modernizadores do réxime. E non só iso, senón que conseguiría superar a Enasa (a empresa que fabricaba os Pegaso) en produción e, sobre todo, en exportacións. Nunha España aínda pechada, Eduardo Barreiros foi pioneiro dos acordos con diversas multinacionais destinados á adquisición de diversos elementos para os seus vehículos e mesmo chegou a se converter en obxecto de desexo para moitas destas empresas. Finalmente, a súa propia e paradoxal traxectoria coma empresario que, logo da absorción da súa firma pola norteamericana Chrysler e os malos resultados dos seus negocios nos anos seguintes, remataría por se converter no motor da industria mecánica na Cuba de Fidel Castro, engade un último elemento de singularidade á traxectoria deste ourensán. Tendo traballado de cativo na pequena liña de autobuses propiedade de seu pai, que facía o percorrido desde Os Peares á capital provincial, Barreiros tivo os seus primeiros éxitos empresariais nun obradoiro da vila das Burgas no que transformaba en motores Diesel os motores de gasolina dos camións rusos

THOMAS, Hugh  
*Eduardo Barreiros and the  
Recovery of Spain*  
Xoán Carmona Badía

abandonados logo da Guerra Civil. Pasar de amigo de Franco a amigo de Fidel Castro non foi moi común nos anos sesenta e setenta do século pasado.

Hugh Thomas non é o primeiro biógrafo de Eduardo Barreiros e da súa evolución empresarial, pois xa en 2001 José Luis García Ruiz e Manuel Santos Redondo publicaron un magnífico libro significativamente titulado *Es un motor español! Historia empresarial de Barreiros* (Síntesis). Pero o traballo de Thomas é, sen dúbida, o máis coñecido desde que en 2007 presentou a versión castelá do libro que aquí comentamos. O feito de ser Thomas relevante hispanista e membro da inglesa Cámara dos Lores, e Barreiros un personaxe coñecido e controvertido dentro das nosas fronteiras, converteu xa aquela primeira entrega nun éxito editorial. A publicación desta edición inglesa por parte dunha prestixiosa universidade norteamericana, que se diferencia unicamente da castelá na fusión dos antigos capítulos 21 e 22 e mais nun mínimo alixeiramento do texto, non só ampliará o número de lectores senón que vai representar unha importante contribución ao coñecemento alén das nosas fronteiras da peripecia vital e emprendedora deste home. Estamos, xa que logo, perante un motivo de celebración.

Son moi distintos os libros de Hugh Thomas e de García Ruiz e Santos Redondo. O segundo é un libro especializado, un libro de historia empresarial, que se ocupa nomeadamente da ascensión e caída de Barreiros Diesel, a gran empresa de fabricación de motores e vehículos pesados que tivo o seu asento na madrileña localidade de Villaverde. Pola contra, o volume do historiador inglés que aquí comentamos ten a pretensión —levada a bo fin— de ser unha biografía máis xeral, menos especializada e máis centrada no personaxe do que na súa obra. Deste xeito, dedica case un terzo do libro á que poderíamos chamar etapa galega de Eduardo Barreiros, o que é dicir non só á súa infancia e ao seu entorno senón tamén ás súas primeiras actividades empresariais en Galicia, algo que quedaba moito máis eclipsado no libro dos profesores citados. E dedica amplísimos apartados do libro ás persoas, decote tamén galegas, que traballaron, compartiron actividades, ou simplemente coincidiron con Eduardo Barreiros.

O amplo apartado dedicado á xeira galega de Eduardo Barreiros resulta especialmente de agradecer porque implica recoñecer que foi en Ourense onde se desenvolveu a súa primeira gran iniciativa (a da transformación dos motores dos vellos camións rusos), e os seus primeiros negocios coma contratista, de xeito que sería na vila das Burgas onde se forxou o seu espírito emprendedor, lonxano de calquera tópico sobre a falta de tal carácter que adoito se adxudica aos galegos. No texto ademais trátase sempre de enmarcar, nun ton divulgativo, a peripecia do protagonista no mundo que o rodeou. Así polo libro de Thomas circulan referencias a Rosalía de Castro e a Castelao, ao Balneario d'A Toxa e a outros compoñentes da cultura e da economía galega da época, de xeito que o libro contribúe ao coñecemento da historia e dalgúns referencias relevantes da cultura e paisaxes galegas. Porén é importante resaltar que a presentación que fai o autor da sociedade galega e dos seus valores na época é non poucas veces un tanto tónica ou excesivamente literaria.

A diferenza do libro de García Ruiz e Santos Redondo, que se basea no fundamental en fontes escritas de carácter empresarial, Hugh Thomas combina a utilización daquelas cunha exhaustiva actividade entrevistadora, que remata por dar unha fasquía se cadra máis humana e menos empresarial do biografado.

Outro dos rasgos salientables deste traballo é o esforzo do autor por enmarcar continuamente a Barreiros no momento da economía e da

THOMAS, Hugh  
*Eduardo Barreiros and the  
Recovery of Spain*  
Xoán Carmona Badía

sociedade española de cada intre, probablemente debido a que o libro estaba xa orixinalmente destinado a un público non español. A respecto do contexto económico, Thomas desenvolve continuos apuntes e amplos comentarios, de xeito que o libro presenta non só unha biografía que permite ao lector saber quen era este excepcional empresario senón tamén un fresco da sociedade na que viviu Barreiros, na cal medrou e triunfou, máis tamén da que se viu forzado a marchar. Neste sentido o título da edición inglesa do libro de Thomas (*Eduardo Barreiros and the Recovery of Spain*) resulta ben máis descritivo do contido do texto que o título da versión en castelán (*Barreiros. El motor de España*).

Este esforzo por contextualizar e por inserir ao empresario ourensán na evolución do sistema económico e político no que se desenvolvía, unido ao ton impresionista das achegas, dota ao libro dunha salientable amenidade, que resulta outro dos seus méritos. Mais tamén é certo que o leva en ocasións a realizar valoracións moi discutibles, que poucos historiadores españois subscribirían, tal como a de que Eduardo ‘helped to transform Franco’s economic system – much more than the outright opponents of Franco who changed little or nothing’ (319). En calquera caso, trátase de miudezas que non mirran o valor dun libro que non só constitúe unha excelente biografía dun dos mais importantes empresarios da España do século xx senón que, desde o punto de vista de Galicia, constitúe unha contribución á súa identificación non só como lugar de orixe dunha emigración ocupada en oficios menestrais, senón tamén xeradora de importantes iniciativas empresariais, aínda que, como no caso de Barreiros, fosen adoito exercidas alén do Padornelo.